EXPEDIENTE:	**2026/00030739A**
PROCEDEMENTO:	**Xestión de subvencións nominativas**

PROPOSTA DE TEXTO DO CONVENIO

CONVENIO ENTRE A CONCELLARÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS DE SAÚDE MENTAL

Dunha parte, **Dona María Rozas Pérez**, Concelleira de **Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude**, que actúa en nome do Concello de Santiago de Compostela, en virtude das competencias que lle foron delegadas por Decreto da Alcaldía de data **17/06/2023** e con C.I.F. P-1507900 G, e con domicilio en Praza do Obradoiro s/n, 15705, Santiago de Compostela.

Doutra parte, Don **José Canedo Barreiro**, en calidade de representante legal de **ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL** con CIF **G15983570**, e con domicilio en **Rúa da República Arxentina 22, 5ºE 15701 Santiago de Compostela.**

Interveñen ambas coas facultades que os seus respectivos cargos lles confiren e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- O Concello de Santiago de Compostela ostenta competencia para a subscrición do presente convenio con base no seguinte marco normativo:

a) O artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, que atribúe ao Municipio competencias propias en materia de protección da salubridade pública (letra j) e de promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre (letra l), ámbitos nos que se insire a actuación obxecto do presente convenio.

b) O artigo 80.2 g) da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, que atribúe aos concellos competencias en materia de promoción da saúde e educación sanitaria e protección de grupos sociais con riscos específicos.

c) O artigo 18 da Lei 6/2012, do 19 de xuño, de xuventude de Galicia, que recoñece ás entidades locais a competencia para prestar servizos á mocidade, en particular en materia de actividades de educación no tempo libre infantil e xuvenil, información xuvenil e promoción da participación.

SEGUNDO.- Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental, configúrase como unha **asociación sen ánimo de lucro** ao abeiro da Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, con capacidade xurídica e plena capacidade de obrar, carecendo de ánimo de lucro e ten como fins, segundo os seus o artigo 5 do capítulo I dos seus Estatutos vixentes cuxa última actualización foi o 23 de outubro de 2017:

a) Captar e vincular voluntarios da comunidade coas persoas con enfermidade mental.
b) Contribuír a crear unha comunidade inclusiva, que diminúa as dificultades derivadas da enfermidade, ofreza oportunidades desenvolvemento persoal e facilite a súa integración social efectiva.
c) Sensibilizar á sociedade cara un cambio de actitudes positivas que favorezan a integración e a normalización social das persoas con trastorno mental.
d) Fomentar a colaboración con outras asociacións de fins análogos.
e) Promover programas de voluntariado culturais, de lecer, deportivos, educativos, de apoio social, laboral e cantos se estimen co fin de cubrir as necesidades das persoas as que se dirixe a acción desta asociación, particularmente evitar o illamento social e a marxinación.
f) Actuar como punto de referencia e apoio para persoas que padecen unha enfermidade mental, familiares e amigos así como ser un espazo para o intercambio de experiencias e mutua axuda.
g) Actuar en defensa dos intereses e dereitos das persoas que padecen trastornos mentais severos.

Dos fins transcritos, conectan de xeito directo e inmediato co obxecto do presente convenio os recollidos nas letras b), c), e) e f), na medida en que comprenden a creación dunha comunidade inclusiva que diminúa as dificultades derivadas da enfermidade mental, a sensibilización social orientada á normalización das persoas con trastorno mental, a promoción de programas de voluntariado de carácter educativo e de apoio social dirixidos a evitar o illamento social, e a constitución da entidade como punto de referencia e apoio para as persoas afectadas e as súas familias.

En virtude do exposto, **os fins estatutarios da entidade conectan directamente co interese social e público e coas necesidades da actividade a conveniar**, sen que a colaboración que se formaliza responda a unha relación de carácter contractual, ao carecer de contraprestación directa e perseguir ambas as partes un fin común de interese xeral.

TERCEIRO.- O Concello de Santiago de Compostela entende que a actividade desenvolvida pola Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental é de interese social para o conxunto da comunidade e, en consonancia coa filosofía compartida de promoción da saúde mental, loita contra o estigma e fomento da participación e do voluntariado xuvenil como instrumentos de inclusión comunitaria, ten o propósito de dar estabilidade á colaboración que se vén producindo entre ambas as dúas entidades

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630

no eido da prevención de condutas de risco e da sensibilización en saúde mental entre a poboación moza do municipio.

CUARTO.- A Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en diante LXS), no seu artigo 2.1, entende por subvención toda disposición diñeraria realizada polas entidades que integran a Administración local a favor de persoas públicas ou privadas, que cumpra os requisitos establecidos no devandito precepto. O programa financiado obxecto do convenio ten por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social e de promoción dunha finalidade pública.

QUINTO.- Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental presentou por rexistro o día 30/06/2026 con número de rexistro de entrada 2026040273 a documentación necesaria para a subscrición do convenio.

Despois de revisar a documentación presentada e os documentos acreditativos do cumprimento dos requisitos que esixen a LXS, e contemplándose a disposición dunha subvención nominativa nos Orzamentos do Concello de Santiago de Compostela 2026, á **Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental** para contribuír ao financiamento de **"Programa de atención á saúde mental dos menores",** gasto imputable á aplicación orzamentaria **020 23104 4890001**, procédese a subscribir o presente convenio de colaboración entre ambas as entidades, co fin de colaborar na consecución do fin social/xeral descrito, e que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer os termos da colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental para o desenvolvemento do "Programa de atención á saúde mental dos menores", executado pola entidade baixo a denominación de programa Hebe.

O programa configúrase como unha actuación de prevención en materia de saúde mental dirixida á poboación moza, con especial incidencia na detección de condutas de risco e na prevención da conduta suicida. Aborda contidos relativos á tipoloxía dos trastornos mentais, a súa incidencia social e a prevención de condutas de risco, mediante metodoloxías de educación non formal orientadas á creación de espazos de diálogo aberto e escoita activa nos que a mocidade e o profesorado poidan expresar as súas inquedanzas, dúbidas e demandas, así como mediante o desenvolvemento de estratexias conxuntas coa comunidade educativa, asociacións e entidades de diversos ámbitos.

O programa artéllase mediante a realización de charlas informativas sobre saúde mental, configuradas como sesións de cincuenta minutos de duración integradas no horario lectivo e desenvolvidas por grupo receptor, cun mínimo de dúas sesións por grupo. A primeira, denominada "O diálogo aberto", consiste nunha dinámica de

conversa en círculo na que as persoas participantes entablan diálogo coa persoa dinamizadora sobre a orixe dos trastornos mentais, as posibilidades da súa prevención e as condutas que favorecen a súa aparición. A segunda ten carácter explicativo e aborda a tipoloxía dos trastornos mentais, as falsas crenzas asociadas, o problema do estigma, a inclusión das persoas con trastorno mental e os recursos existentes. Os contidos e materiais adaptaranse á idade do grupo receptor.

As actuacións diríxense a mozas e mozos de entre 10 e 18 anos de idade escolarizados en centros educativos públicos e concertados do termo municipal de Santiago de Compostela, nos niveis correspondentes ao terceiro ciclo de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional básica, formación profesional de grao medio e bacharelato, estimándose unha participación aproximada de 500 persoas. Teñen a consideración de destinatarias indirectas as familias e persoas achegadas, o persoal voluntario e o alumnado en prácticas formativas.

SEGUNDA.- Título competencial.

O Concello de Santiago de Compostela ostenta competencia para a subscrición do presente convenio, de conformidade co disposto no antecedente primeiro do presente convenio. O programa obxecto de convenio configúrase como unha actuación de carácter transversal, na que a promoción da saúde mental se articula a través de metodoloxías propias do ámbito da mocidade —educación non formal, intervención en contornas educativas e de lecer, e participación xuvenil—, correspondendo a súa xestión á Concellaría de Mocidade sen prexuízo da natureza sociosanitaria preventiva das actuacións que integran o programa.

TERCEIRA.- Ámbito territorial.

O ámbito territorial de aplicación do presente convenio abrangue o termo municipal do Concello de Santiago de Compostela.

As actuacións obxecto do convenio desenvolveranse principalmente en centros educativos públicos e concertados do termo municipal que impartan ensinanzas de educación primaria, educación secundaria obrigatoria, formación profesional e bacharelato.

Con carácter complementario, as tarefas de coordinación, preparación e avaliación do programa poderán desenvolverse na sede da Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental, sita na rúa República Arxentina, 22, 15701 Santiago de Compostela, así como en equipamentos de titularidade municipal ou de uso público que resulten adecuados, logo da correspondente autorización do órgano competente.

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630

CUARTA.- Natureza xurídica e réxime aplicable.

O presente convenio ten carácter administrativo, vindo o seu réxime xurídico determinado polas cláusulas establecidas no seu clausulado, e no non previsto, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento; na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia; e na lexislación de Réxime Local aplicable ao caso; e, no que resultase imperativamente aplicable, os artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir sobre este convenio, respecto da interpretación, resolución e efectos do convenio, serán resoltas en última instancia administrativa pola Xunta de Goberno Local, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra eles poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses dende a notificación da resolución, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela.

QUINTA.- Compromisos das partes.

1. É responsabilidade do **Concello de Santiago de Compostela**:

a) Achegar o financiamento previsto na cláusula oitava, nas condicións e prazos establecidos neste convenio, con cargo á aplicación orzamentaria consignada.
b) Realizar o seguimento e a avaliación da execución do programa, para o que poderá solicitar da entidade beneficiaria canta información resulte precisa, sen que dita facultade poida implicar dirección ou control sobre o persoal da entidade nos termos da cláusula sexta.
c) Difundir o programa a través dos medios de comunicación municipais, da páxina web e das redes sociais da Concellaría de Mocidade.
d) Poñer a disposición da entidade, en réxime de cesión de uso e para o exclusivo desenvolvemento das actividades programadas, os espazos e equipamentos municipais que se determinen, previa solicitude e conforme á normativa reguladora do uso das instalacións municipais.
e) Designar unha persoa responsable técnica municipal que actuará como interlocutora coa entidade para os efectos do seguimento do convenio.
f) Tramitar a xustificación presentada e resolver o procedemento nos prazos legalmente establecidos.

2. A Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental responsabilizarase de**:**

a) Asumir a dirección técnica, a organización e o desenvolvemento material do programa, adscribindo ao mesmo os medios persoais, materiais e espaciais descritos na cláusula primeira así como o persoal voluntario e o alumnado en prácticas formativas que colabore nas actividades.

b) Garantir que o persoal que interveña na execución do programa conta coa cualificación e a formación axeitadas á natureza das actuacións e ás características das persoas destinatarias.

c) Acreditar, con anterioridade ao inicio das actividades, que o persoal —propio ou voluntario— que manteña contacto habitual con persoas menores de idade cumpre o requisito previsto no artigo 57.1 da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia, mediante a correspondente certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais e de Trata de Seres Humanos, e manter actualizada dita acreditación durante toda a vixencia do convenio.

d) Concertar coas direccións dos centros educativos a realización das sesións, respectando a organización e o calendario lectivo de cada centro.

e) Aplicar a metodoloxía de avaliación prevista e recoller a información necesaria para acreditar o grao de execución do programa e os resultados acadados.

f) Cumprir as obrigas que lle corresponden como entidade de acción voluntaria, de conformidade coa Lei 45/2015, do 14 de outubro, de Voluntariado, e coa Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria de Galicia, e en particular subscribir a póliza de seguro que cubra os riscos de accidente e de responsabilidade civil derivados do exercicio da actividade voluntaria.

g) Dispoñer dunha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os danos que poidan derivarse do desenvolvemento das actividades obxecto do convenio.

h) Aboar as retribucións e as cotizacións sociais do persoal adscrito ao programa, sen que da execución do presente convenio derive vínculo laboral, funcionarial ou de calquera outra natureza entre dito persoal e o Concello de Santiago de Compostela.

i) Tratar os datos de carácter persoal aos que teña acceso con ocasión da execución do programa conforme ao Regulamento (UE) 2016/679 e á Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, nos termos previstos na cláusula décimo segunda.

j) Comunicar á Concellaría de Mocidade calquera circunstancia sobrevida que altere de xeito substancial as condicións de execución do programa, así como as modificacións que afecten aos medios adscritos ou ao calendario previsto.

k) Designar unha persoa responsable técnica que actuará como interlocutora co Concello para os efectos do seguimento do convenio.

l) Facer constar a colaboración do Concello de Santiago de Compostela na documentación, publicidade, imaxe e material que se elabore en relación co programa, nos termos previstos na cláusula décimo primeira.

3. Sen prexuízo das obrigas específicas establecidas nos apartados anteriores, a entidade beneficiaria queda suxeita ao cumprimento das obrigas previstas no artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e en particular:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto e realizar a actividade que fundamenta a concesión da subvención.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención, nos termos previstos na cláusula novena.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectúe o órgano concedente, así como ás de control financeiro que correspondan á Intervención Xeral do Concello de Santiago de Compostela e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas de Galicia, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio destas actuacións.

d) Acreditar, con anterioridade ao pagamento da subvención, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, e que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

e) Comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional. Esta comunicación efectuarase tan pronto como se coñeza e, en todo caso, no prazo máximo de dez días hábiles desde a súa concesión, e con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento do programa nos termos establecidos na cláusula décimo primeira.

i) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003.

SEXTA.- Réxime das persoas participantes / persoal da entidade.

O persoal que a entidade beneficiaria destine á execución das actividades obxecto deste convenio dependerá exclusiva e unicamente dela, correspondéndolle todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empregadora, e en particular o cumprimento das disposicións legais vixentes en materia laboral, de Seguridade Social, de prevención de riscos laborais e tributaria.

A entidade beneficiaria exercerá de xeito real e efectivo o poder de dirección e organización sobre o seu persoal, asumindo a facultade de impartir ordes e instrucións, a potestade disciplinaria, a organización das quendas e horarios, a concesión de permisos e licenzas e a substitución nos supostos de ausencia. En

ningún caso o persoal municipal poderá impartir instrucións directas ao persoal da entidade, nin asumir funcións de dirección, control ou supervisión sobre el.

Para tal efecto, a entidade beneficiaria designará unha persoa coordinadora responsable da execución das actividades, e que actuará como única interlocutora co Concello de Santiago de Compostela. As comunicacións, incidencias e requirimentos que o Concello deba realizar canalizaranse exclusivamente a través dela.

A subscrición deste convenio non xerará, nin durante a súa vixencia nin á súa finalización, relación laboral, funcionarial, estatutaria nin de calquera outra natureza entre o persoal da entidade beneficiaria e o Concello de Santiago de Compostela, que en ningún caso asumirá obriga algunha respecto de dito persoal, sen que resulte de aplicación o disposto no artigo 44 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2015, do 23 de outubro.

SÉTIMA.- Réxime económico do convenio.

1. A achega económica municipal constitúe unha **subvención directa de carácter nominativo**, prevista no Anexo de Subvencións das Bases de Execución do Orzamento Xeral do Concello de Santiago de Compostela para o exercicio económico 2026, de conformidade co artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en relación co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O presente convenio constitúe o instrumento a través do cal se canaliza a citada subvención nominativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, de conformidade co seu artigo 6.

A subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para o mesmo programa, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, sempre que non se exceda, en tal caso, o 100% do custo da actividade subvencionada. En todo caso, o Concello quedará supeditado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio económico correspondente.

Se o custo total da actividade fose inferior ao importe do financiamento público, procederá ao reintegro do importe que supere o custo total da actividade, de acordo co art. 32.2 do RLXS.

2. Para a execución das actuacións previstas no presente convenio, as partes asumirán os seguintes compromisos económicos:

— A Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental asume o compromiso de executar a totalidade das actividades que integran o programa, facéndose cargo dos gastos derivados da súa organización, coordinación e desenvolvemento, e en particular dos gastos de persoal propio adscrito ao programa, dos derivados da xestión e do acompañamento do persoal voluntario e do alumnado en prácticas formativas, dos materiais funxibles e didácticos, do equipamento técnico preciso para o desenvolvemento das sesións, dos seguros esixidos na cláusula quinta e dos gastos

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630

de difusión, así como de calquera outro custo non cuberto pola achega municipal ata completar o custo total do programa, que se cifra en **15.000 euros**.

— O Concello de Santiago de Compostela participará no financiamento do programa mediante unha achega económica destinada exclusivamente ao desenvolvemento do "Programa de atención á saúde mental dos menores" nos termos descritos na cláusula primeira.

3. A contía máxima da achega municipal será de **15.000 €** (quince mil euros), con cargo á aplicación orzamentaria **020 23104 4890001** do orzamento municipal para o exercicio 2026, existindo crédito adecuado e suficiente para tal fin, segundo consta no documento contable de retención de crédito incorporado ao expediente. Dita cantidade constitúe o límite máximo da achega municipal, sen que en ningún caso poida ser incrementada nin superar o custo total da actividade subvencionada.

OITAVA.- Réxime de pagamento e xustificación.

1. De conformidade co artigo 34.4 da Lei 38/2003 e o artigo 88.2 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS), e a base 33ª.2 das BEO 2026, acórdase o **pagamento anticipado da subvención** dado que a entidade beneficiaria ten a condición de entidade sen fins lucrativos, e as entregas de fondos constitúen financiamento necesario para levar a cabo as actuacións inherentes á subvención. O importe anticipado ascende á cantidade de 15.000 €.

O anticipo fundaméntase na condición da entidade beneficiaria de entidade sen fins lucrativos e na natureza do programa subvencionado, encadrado no ámbito da acción social, supostos nos que o artigo 88.2 do Real Decreto 887/2006 prevé a realización de pagamentos anticipados con carácter xeral.

A entrega de fondos con carácter previo á xustificación constitúe **financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención**, na medida en que a execución do programa require a dispoñibilidade continuada de recursos ao longo de todo o exercicio para o mantemento do persoal técnico adscrito, a adquisición dos materiais didácticos e funxibles precisos para o desenvolvemento das sesións e a cobertura dos seguros esixidos, gastos que se producen desde o inicio da actividade e con anterioridade á posibilidade de presentar a xustificación.

Exonérase a entidade beneficiaria da constitución de garantías, de conformidade co disposto no artigo 42.2.d) do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, en atención á súa condición de entidade non lucrativa que desenvolve un proxecto de acción social.

2. A xustificación do cumprimento das finalidades que motivan a sinatura do convenio farase achegando, no prazo máximo **dun mes dende o fin da execución do convenio,** a seguinte documentación, conforme aos modelos normalizados (Anexos) dispoñibles na sede electrónica municipal:

- **Memoria descritiva das accións realizadas (ANEXO I)**, xustificativa do cumprimento das obrigas contraídas, con indicación das actividades realizadas,

persoas participantes, duración, contidos e resultados obtidos. Achegarase reportaxe fotográfica ou audiovisual e mostra dos materiais de difusión empregados.

- **Declaración responsable (ANEXO II)** asinada polo/a titular ou representante legal, de ter cumprido o obxecto do convenio e de estar ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

- **Relación detallada de subvencións solicitadas ou concedidas (ANEXO III)** para a mesma finalidade.

- **Relación clasificada de gastos e investimentos (ANEXO IV)**: identificación do/a acreedor/a, documento, importe, data de emisión e data de pagamento.

- **Facturas orixinais ou documentos equivalentes e xustificantes bancarios** acreditativos do pagamento efectivo.

- **Certificados de estar ao corrente** nas obrigas tributarias (AEAT, ATRIGA e Tesouraría do Concello) e coa Seguridade Social.

- **Acreditación documental da publicidade** realizada conforme á cláusula décimo primeira.

3. Terán a consideración de **gastos subvencionables**, de conformidade co artigo 31 da Lei 38/2003 e o artigo 29 da Lei 9/2007, aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada, resulten estritamente necesarios e se realicen dentro do período de execución establecido na cláusula DÉCIMO SEXTA.

En particular, considéranse **subvencionables**:

a) Os gastos de persoal propio adscrito á execución do programa, incluídas as retribucións e as cotizacións sociais correspondentes, na parte proporcional á dedicación efectiva ao programa.
b) Os gastos derivados da xestión, formación e acompañamento do persoal voluntario e do alumnado en prácticas formativas que colabore no desenvolvemento das actividades, incluídas as compensacións por gastos que procedan conforme á normativa de voluntariado.
c) As primas dos seguros de accidentes e de responsabilidade civil esixidos na cláusula quinta, na parte imputable ao período e ás actividades obxecto do convenio.
d) O material funxible, didáctico e de papelería e reprografía preciso para o desenvolvemento das sesións.
e) Os materiais lúdicos e recursos pedagóxicos empregados nas actividades.
f) Os gastos de difusión e publicidade do programa, incluída a elaboración de materiais informativos.
g) Os gastos de desprazamento do persoal adscrito ao programa aos centros educativos e demais lugares de execución, nos termos e coas contías previstas na normativa reguladora das indemnizacións por razón do servizo.

Non terán a consideración de gastos subvencionables:

a) Os xuros debedores de contas bancarias.
b) Os gastos financeiros, licenzas e tributos.

c) Os xuros, as recargas e as sancións administrativas e penais.
d) Os gastos de procedementos xudiciais.
e) Os impostos indirectos, cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
f) Os impostos persoais sobre a renda.
g) Os gastos de investimento e a adquisición de bens inventariables.
h) Os gastos que se orixinen como consecuencia da simple participación dos membros da entidade nos órganos de gobernos e dirección.
i) Os gastos de representación e atencións protocolarias.
j) As gratificacións que, no seu caso, perciban os voluntarios sociais da institución.
k) Os gastos correntes de funcionamento ordinario da entidade non vinculados directamente á execución do programa.

4. A xustificación do pagamento das facturas farase mediante xustificantes bancarios (xustificante de transferencia bancaria, certificación bancaria, etc.). No caso de pagamentos en efectivo, o importe máximo admitido por factura establécese en 600 € (Lei 7/2012, de 29 de outubro). Non se admitirá o fraccionamento de gastos para eludir este límite.

5. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto o beneficiario non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

6. No caso de que a xustificación fose incorrecta e/ou incompleta, requirirase a entidade para que corrixa os erros ou defectos observados no prazo de dez días, advertíndolle que, de non facelo, se procederá, logo de resolución, á revogación da subvención na parte que corresponda e, de ser o caso, ao reintegro da contía correspondente e á exixencia dos xuros de demora.

NOVENA.- Forma de presentación da documentación xustificativa.

A entidade beneficiaria aterase ás especificacións do presente convenio para a elaboración e presentación dos soportes documentais xustificativos, empregando obrigatoriamente os **ANEXOS** habilitados ao efecto, **dispoñibles na sede electrónica municipal**. Estes formularios non conterán ningunha epígrafe manuscrita, agás a/s sinatura/s, e presentaranse no seu formato orixinal e sen emendas nin riscadas.

Será necesario así mesmo que a entidade achegue ademais vía correo electrónico a documentación aportada no Rexistro, en formato de texto editable (.doc ou .docx), coa data límite establecida para a presentación no Rexistro Xeral do Concello, isto é**, un mes dende o fin da execución do convenio** ao enderezo dptoxuventude@santiagodecompostela.gal.

DÉCIMA.- Modificación e resolución.

1. O convenio poderá ser modificado exclusivamente por acordo unánime das partes mediante a formalización da correspondente addenda, seguindo a mesma tramitación prevista para a súa aprobación.

2. Son causas de resolución do presente convenio, procedendo se é o caso o reintegro total ou parcial da axuda percibida e os xuros de demora desde o momento do pagamento:

- Incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no presente convenio.
- A aplicación total ou parcial dos fondos outorgados para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.
- Os demais supostos previstos nos artigos 36 e 37 da Lei 38/2003, en relación cos artigos 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- Publicidade e eficacia.

A entidade beneficiaria deberá dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 18.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; do artigo 31 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo; do artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; e do artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

En concreto, deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto ou actividade subvencionada, o financiamento do programa ou actividade con fondos do Excmo. Concello de Santiago a través da Concellaría de Mocidade. Para isto, no lugar onde se realicen as actuacións deberá figurar de forma visible un cartel informativo con a imaxe corporativa do Concello de Santiago. Deberá realizarse reportaxe fotográfica ou audiovisual que reflicta o desenvolvemento das actividades e os carteis empregados, para os efectos da xustificación deste requisito.

Así mesmo, de conformidade co artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, na redacción dada pola Lei 15/2014, de 16 de setembro, a concesión desta subvención será comunicada á **Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS)**, con publicación do correspondente extracto no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, con carácter previo ou simultáneo á sinatura do presente convenio. O número de BDNS asignado incorporarase ao expediente.

Igualmente, o presente convenio será inscrito no **Rexistro de Convenios** que corresponda de conformidade co artigo 48.8 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e publicado no Portal de Transparencia municipal, conforme á Lei 19/2013 e á Lei 1/2016 de transparencia de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA.- Protección e tratamento de datos persoais.

1. A **ASOCIACIÓN ITÍNERA DE VOLUNTARIOS EN SAÚDE MENTAL** é a responsable única e directa dos tratamentos de datos de carácter persoal aos que puidera dar lugar a execución deste convenio e está obrigada ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, así como da Lei Orgánica

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630

3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

2. Darase cumprimento ás obrigas previstas pola Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e demais normativa de aplicación, en particular ás obrigas de publicidade activa.

DÉCIMO TERCEIRA.- Seguimento, control e interpretación do convenio.

Para a interpretación de cantas dúbidas xurdan na aplicación do convenio créase unha comisión mixta, que estará integrada polas persoas que sexan designadas para o efecto por parte das dúas institucións (persoal municipal da Concellaría de Mocidade e da Entidade).

Esta comisión velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. O Concello de Santiago de Compostela resérvase o dereito de orientar tecnicamente o proxecto de actividades e de comprobar a súa execución cando o considere conveniente, así como de divulgar e de dar a coñecer publicamente as actividades subvencionadas.

A comisión mixta reunirase en calquera momento a instancia de calquera das partes, cunha antelación mínima de dez días hábiles. Os acordos adoptaranse por consenso.

Sen prexuízo das funcións da comisión mixta, o Concello poderá en calquera momento solicitar información sobre o estado de execución do programa e realizar visitas de comprobación. A entidade beneficiaria queda obrigada a facilitar canta información lle sexa requirida polo servizo xestor, pola Intervención Xeral e polos órganos competentes para o control financeiro (art. 14.1.c) LXS).

DÉCIMO CUARTA.- Incumprimento, reintegros e sancións.

1. O incumprimento das obrigas contidas neste convenio ou nas Bases de Execución Orzamentaria do Concello de Santiago para o ano 2026, así como das condicións que se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes. Tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, axustado ao previsto no título II da Lei 9/2007 e na súa normativa de desenvolvemento.

2. Ás entidades beneficiarias seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

DÉCIMO QUINTA.- Responsabilidade.

A organización e materialización das accións obxecto desta subvención será responsabilidade exclusiva da entidade beneficiaria. A actuación do Concello de Santiago quedará limitada ao seu outorgamento e a garantir o cumprimento da normativa en materia de axudas públicas.

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630

DÉCIMO SEXTA.- Vixencia do convenio.

Con relación á duración do presente convenio, este entrará en vigor na data da súa sinatura, se ben a súa vixencia, para os efectos de dar cumprimento aos obxectivos nel establecidos, enténdese producida dende o **1 de xaneiro** ata o **31 de decembro de 2026**.

E, en proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan este convenio na data da sinatura electrónica.

María Rozas Pérez	José Canedo Barreiro
Concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude	Representante legal de Asociación Itínera de voluntarios en saúde mental
Concello de Santiago de Compostela	

CLARA ORTEGA FERNÁNDEZ
29/07/2026
Dirección de Área de Políticas Sociocomunitarias A12.POLÍTICAS

Pode verificar a autenticidade deste documento en sede.santiagodecompostela.gal - Código seguro de verificación: 16337541361670244630